

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Curso 2022-2023

IES FERNANDO ESQUÍO (NEDA)

ÍNDICE

| | |
|---|---------|
| 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | Páx. 3 |
| 2. MATERIAS IMPARTIDAS, MEMBROS DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN HORARIA | Páx. 3 |
| 3. OBXECTIVOS | Páx. 4 |
| 3.1. Obxectivos xerais da ESO: páx. 4 | |
| 3.2. Obxectivos xerais do Bacharelato: páx. 5 | |
| 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE | Páx. 6 |
| 5. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL: | Páx. 9 |
| 6. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES | Páx. 9 |
| 6.1. Xeografía e Historia, 1º de ESO: páx. 9 | |
| 6.2. Xeografía e Historia, 2º de ESO: páx. 9 | |
| 6.3. Xeografía e Historia, 3º de ESO: páx. 17 | |
| 6.4. Xeografía e Historia, 4º de ESO: páx. 17 | |
| 6.5. Historia do Mundo Contemporáneo, 1º de Bacharelato: páx. 27 | |
| 6.6. Historia de España, 2º de Bacharelato: páx. 27 | |
| 6.7. Xeografía, 2º de Bacharelato: páx. 45 | |
| 7. ELEMENTOS TRANSVERSAIS | Páx. 64 |
| 7.1. Tratamento e fomento das TIC: páx.65 | |
| 7.2. Tratamento e fomento da lectura. Proxecto Lector: páx. 66 | |
| 8. METODOLOXÍA | Páx. 67 |
| 8.1. Concrecións metodolóxicas e modalidade de ensino presencial: páx. 67 | |
| 8.2. Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino non presencial: páx. 68 | |
| 8.3. Adaptacións metodolóxicas no caso de ter que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial e de corentena de parte do alumnado: páx. 70 | |
| 9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS | Páx. 70 |
| 10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | Páx.71 |
| 10.1. Xeografía e Historia, 1º de ESO: páx. 71 | |
| 10.2. Xeografía e Historia, 2º de ESO: páx. 71 | |
| 10.3. Xeografía e Historia, 3º de ESO: páx. 72 | |
| 10.4. Xeografía e Historia, 4º de ESO: páx. 72 | |
| 10.5. Historia do Mundo Contemporáneo, 1º de Bacharelato: páx. 73 | |
| 10.6. Historia de España, 2º de Bacharelato: páx. 74 | |
| 10.7. Xeografía, 2º de Bacharelato: páx. 75 | |
| 10.8. Historia da Arte, 2º de Bacharelato: páx. 76 | |
| 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE: | Páx.77 |
| 12. MEDIDAS DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES | Páx.79 |
| 13. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO | Páx.80 |
| 14. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | Páx.80 |
| 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | Páx.81 |
| 16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN | Páx.81 |

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Xeografía e a Historia posúen un valor formativo fundamental para acadar unha educación integral baseada tanto na adquisición de coñecemento coma no desenvolvemento do espírito crítico, da capacidade de razoar e no fomento de valores humanos e sociais, a fin de contribuír á formación dos alumnos e alumnas como cidadáns, dotados de coñecementos, de cultura e de ferramentas para comprender a realidade social pasada, presente e a dos anos e décadas vindeiros.

O marco legal ao amparo do que se desenvolve esta programación son a *Lei Orgánica de Educación 2/2006* e a *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro* que a modifica, así como o *Decreto 86/2015, de 25 de xullo*, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O IES Fernando Esquíu sitúase no concello de Neda, na comarca de Ferrolterra. A maioría do alumnado procede deste municipio, aínda que tamén recibe algúns alumnos dos veciños concellos de Narón e San Sadurniño. Hai bastante heteroxeneidade en canto á extracción socioeconómica do alumnado, aínda que a maioría procede dun contexto sociocultural medio ou medio-baixo, o que redunda na existencia de varios alumnos pouco motivados cara o estudo e que contan con pouca axuda exterior a nivel académico. Tamén hai varios alumnos con escasa dotación de TIC's e dificultades para o acceso a internet.

2. MATERIAS IMPARTIDAS, MEMBROS DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN HORARIA

As materias impartidas polo Departamento durante este curso son as seguintes:

- Xeografía e Historia, 1º ESO: 2 grupos
- Xeografía e Historia, 2º ESO: 2 grupos
- Xeografía e Historia, 3º ESO: 2 grupos
- Xeografía e Historia, 4º ESO: 2 grupos
- Historia do Mundo Contemporáneo, 1º Bacharelato: 1 grupo
- Historia de España, 2º Bacharelato: 2 grupos
- Xeografía, 2º Bacharelato: 1 grupo
- Historia da Arte, 2º Bacharelato: 1 grupo

Para o presente curso académico, o Departamento de Xeografía e Historia queda conformado cos seguintes docentes:

- Nuria Freire Agrafojo.
- Begoña Rodríguez Cacharrón.
- Víctor Vázquez Rodríguez (Xefe de Departamento)

O número de horas lectivas asignadas ao Departamento ascende a un total de 41, xunto con 21 horas de dirección e 1 hora de xefatura de departamento, arroxando un total de 63 horas. Ademais o departamento faise cargo dunha materia afín de Economía (Economía de 4º de ESO). A distribución horaria queda do seguinte xeito:

| Docente | Materias | Cursos | Horas | Total de horas |
|---------|--------------------|----------------------|-------|----------------|
| | Xeografía | 2º Bacharelato A e B | 4 | |
| | Historia de España | 2º Bacharelato A | 3 | |
| | Historia de España | 2º Bacharelato B | 3 | |

| | | | | |
|-------------------------------|---------------------------------------|------------------|----|------------------------|
| Nuria Freire Agrafojo | Historia do Mundo Contemporáneo | 1º Bacharelato B | 4 | 14 + 8 + 1 = 23 |
| | Cargo directivo (Subdirección) | | 8 | |
| | Titorías | | 1 | |
| Begoña Rodríguez Cacharrón | Xeografía e Historia | 1º ESO A | 3 | 9 + 13 + 1 = 23 |
| | Xeografía e Historia | 4º ESO A | 3 | |
| | Xeografía e Historia | 4º ESO B | 3 | |
| | Cargo directivo (Xefatura de estudos) | | 13 | |
| | Titorías | | 1 | |
| Víctor Vázquez Rodríguez | Xeografía e Historia | 1º ESO B | 3 | 18 + 1 + 1 + 2 = 22 |
| | Xeografía e Historia | 2º ESO A | 3 | |
| | Xeografía e Historia | 2º ESO B | 3 | |
| | Xeografía e Historia | 3º ESO A | 3 | |
| | Xeografía e Historia | 3º ESO B | 3 | |
| | Economía | 4º ESO B | 3 | |
| | Xefatura de departamento | | 1 | |
| | Titorías | | 1 | |
| | Gardas | | 2 | |

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

De acordo co *Decreto 86/2015*, artigo 2.3, a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece sete competencias clave no currículo. A materia de Xeografía e Historia contribuirá ao desenvolvemento de ditas competencias do seguinte xeito:

- **Competencia e comunicación lingüística (CCL)**: fundamental para a organización do pensamento e a adquisición de calquera tipo de coñecemento. Traballárase mediante a realización de debates e exposicións orais, a lectura e redacción de textos de natureza diversa e o análise e comentario de documentos, imaxes e gráficas.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**: exercitarase mediante a elaboración e interpretación de eixos cronolóxicos e o manexo de magnitudes temporais, a análise e comentario de mapas, o traballo con sistemas de coordenadas, a elaboración e comentario de gráficas e a adquisición de coñecementos orientados á comprensión do mundo físico e natural e a súa conservación e mellora.

- **Competencia dixital (CD)**: traballárase a través de actividades orientadas a aprender a obter e procesar información extraída de medios dixitais, a consulta de medios de comunicación dixitais (prensa, televisión, blogs, redes sociais...) e a realización de actividades relacionadas co procesamento de contidos dixitais en distintos formatos (textos, audio, vídeo, imaxes...).

- **Competencia de aprender a aprender (CAA)**: supón iniciarse na aprendizaxe autónoma, e abordárase mediante a adquisición e exercicio de técnicas de estudo, o fomento da motivación do alumnado pola materia e o duns hábitos de traballo regulares.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)**: especialmente relevantes para a materia de Xeografía e Historia, a cal debe contribuír activamente á comprensión da realidade social e política. Para tal fin, abordáranse contidos orientados á comprensión dos procesos e a organización sociais pasados e presentes, e ao estudo de sistemas políticos, económicos, sociais e culturais de distintos contextos espaciais e temporais. Tamén se levarán a cabo actividades destinadas a promover a comprensión da vida cívica, social e política e a fomentar o espírito crítico do alumnado, tales como o análise crítica e contrastada de información de medios de comunicación e textos diversos ou a realización de debates sobre cuestións de interese socio-político.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)**: fomentarase mediante a realización de traballos, tanto individuais como en grupo, que requiran desenvolver capacidades de organización e planificación, así como a través do estudo de contidos relacionados coa educación económica e a realización de actividades que requiran o exercicio de capacidades innovadoras e creativas.

- **Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)**: traballárase a través da análise de obras de arte no seu contexto histórico e a realización de actividades dirixidas a fomentar a conciencia social do alumnado respecto do valor do patrimonio histórico-artístico e a importancia da súa conservación.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DE CADA MATERIA

| XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º DE ESO | | |
|---|----------------------|---------------------|
| COMPETENCIAS CLAVE | Nº ESTÁNDARES | % ESTÁNDARES |
| Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) | 13 | 27% |
| Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT) | 22 | 46% |
| Competencia Dixital (CD) | 15 | 31% |
| Competencia Aprender a Aprender (CAA) | 37 | 77% |
| Competencias Sociais e Cívicas (CSC) | 33 | 69% |
| Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) | 10 | 21% |

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º DE ESO

| COMPETENCIAS CLAVE | Nº ESTÁNDARES | % ESTÁNDARES |
|---|----------------------|---------------------|
| Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) | 23 | 53% |
| Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT) | 30 | 70% |
| Competencia Dixital (CD) | 27 | 56% |
| Competencia Aprender a Aprender (CAA) | 32 | 74% |
| Competencias Sociais e Cívicas (CSC) | 31 | 72% |
| Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) | 5 | 12% |

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 3º DE ESO

| COMPETENCIAS CLAVE | Nº ESTÁNDARES | % ESTÁNDARES |
|---|----------------------|---------------------|
| Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) | 26 | 62% |
| Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT) | 19 | 45% |
| Competencia Dixital (CD) | 17 | 40% |
| Competencia Aprender a Aprender (CAA) | 36 | 86% |
| Competencias Sociais e Cívicas (CSC) | 29 | 69% |
| Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) | 17 | 40% |
| Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) | 6 | 14% |

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º DE ESO

| COMPETENCIAS CLAVE | Nº ESTÁNDARES | % ESTÁNDARES |
|---|----------------------|---------------------|
| Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) | 42 | 67% |
| Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT) | 9 | 14% |
| Competencia Dixital (CD) | 3 | 5% |
| Competencia Aprender a Aprender (CAA) | 47 | 75% |
| Competencias Sociais e Cívicas (CSC) | 63 | 100% |
| Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) | 3 | 5% |
| Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) | 3 | 5% |

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO

| COMPETENCIAS CLAVE | Nº ESTÁNDARES | % ESTÁNDARES |
|---|----------------------|---------------------|
| Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) | 135 | 88% |
| Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT) | 15 | 10% |
| Competencia Dixital (CD) | 7 | 5% |
| Competencia Aprender a Aprender (CAA) | 57 | 37% |
| Competencias Sociais e Cívicas (CSC) | 152 | 99% |
| Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) | 5 | 3% |
| Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) | 19 | 12% |

XEOGRAFÍA. 2º DE BACHARELATO

| COMPETENCIAS CLAVE | Nº ESTÁNDARES | % ESTÁNDARES |
|---|---------------|--------------|
| Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) | 115 | 93% |
| Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT) | 115 | 93% |
| Competencia Dixital (CD) | 113 | 92% |
| Competencia Aprender a Aprender (CAA) | 97 | 79% |
| Competencias Sociais e Cívicas (CSC) | 5 | 4% |
| Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE) | | |
| Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC) | | |

5. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Durante os primeiros días do curso, o profesorado de cada grupo realizará unha avaliación inicial para coñecer o nivel de partida de cada alumno. Para iso realizarase unha proba diagnóstica nas primeiras sesións que permita comprobar grao de adquisición dos coñecementos e competencias do curso ou cursos anteriores. Esta proba terá unicamente carácter orientativo, e non será tida en conta para o cálculo da cualificación das avaliacións parciais ou ordinaria.

Para a realización da avaliación inicial tamén se terá en conta o desempeño do alumnado durante as primeiras clases do curso, así como os informes que poidan constar deles do curso anterior.

No caso de detectarse carencias relevantes que poidan lastrar a aprendizaxe dalgún alumno durante o presente curso, o profesor valorará a opción de aplicar as medidas de reforzo que estime oportunas, para o que poderá contar co asesoramento do Departamento didáctico e do Departamento de Orientación.

6. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN. APRENDIZAXES

6.1. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 1º ESO

No presente curso académico a programación desta materia será introducida na aplicación **PROENS**.

6.2. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 2º ESO

De acordo co *Decreto 86/2015, de 25 de xuño*, na materia de Xeografía e Historia de 2º de ESO corresponde traballar o Bloque I, o medio físico, no que se traballa a Xeografía Física da Península Ibérica, o Bloque II, o espazo humano, no que se abordan contidos de Xeografía Humana (poboación, urbana...), e o Bloque III, a Historia, que versa sobre Historia Medieval universal e da Península Ibérica.

Os contidos organizaranse nas seguintes unidades didácticas:

UNIDADE 1: ALTA IDADE MEDIA E FEUDALISMO

Contidos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.6, B3.7, B3.8, B3.9, B3.12

- A Idade Media: concepto e etapas. Características da Alta Idade Media.
- A fragmentación do mundo romano: caída do Imperio Romano Romano de Occidente, invasións e reinos xermánicos, Imperio Bizantino.
- O Islam: orixe, características, expansión.
- A arte islámica.

- A Europa feudal: o Imperio carolinxo, as segundas invasións, o sistema feudal e as súas características, a sociedade estamental.

Criterios de avaliación: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.6, B3.7, B3.8, B3.9, B3.12

UNIDADE 2: AL-ANDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS DA PENÍNSULA IBÉRICA

Contidos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.9, B3.10

- A invasión musulmá. Al-Ándalus: evolución política, cultura e sociedade.
- Os reinos cristiáns do norte: aparición e consolidación. Características políticas, culturais e socioeconómicas. O Camiño de Santiago.
- A Reconquista e a repoboación: concepto, etapas e características.

Criterios de avaliación: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.9, B3.10

UNIDADE 3: A ARTE ROMÁNICA

Contidos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.12

- Características xerais da arte románica.
- A arquitectura románica.
- A escultura románica.
- A pintura románica.

Criterios de avaliación: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.12

UNIDADE 4: A PLENA E A BAIXA IDADE MEDIA

Contidos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.10, B3.11

- O desenvolvemento económico da Plena Idade Media: transformacións agrarias e comerciais.
- O crecemento das cidades. As cidades medievais. Os gremios.
- A cultura na Plena e na Baixa Idade Media.
- A política na Baixa e na Idade Media: consolidación das monarquías feudais, aparición dos parlamentos.
- A crise baixomedieval.
- A Península Ibérica na Plena e Baixa Idade Medias: evolución, características, arte, cultura.

Criterios de avaliación: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.10, B3.11

UNIDADE 5: A ARTE GÓTICA

Contidos: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.12

- Características xerais da arte gótica.
- A arquitectura gótica.
- A escultura gótica.
- A pintura gótica.

Criterios de avaliación: B3.1, B3.2, B3.3, B3.4, B3.5, B3.12

UNIDADE 6: XEOGRAFÍA FÍSICA DA PENÍNSULA IBÉRICA

Contidos: B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B2.8

- O relevo da Península Ibérica: características xerais, principais unidades.
- O relevo de Galicia: características xerais e principais unidades.
- O clima: concepto de clima e tempo, factores e elementos do clima, principais variantes climáticas do mundo. Análise de climogramas.
- O clima na Península Ibérica: factores e elementos do clima peninsular, interpretación de mapas sinópticos da Península, principais variantes climáticas peninsulares, análise e interpretación de climogramas.
- Hidrografía da Península Ibérica: características, vertentes, ríos principais. A hidrografía de Galicia.
- Os medios naturais da Península Ibérica: o medio atlántico, mediterráneo, interior, de montaña e subtropical.

Criterios de avaliación: B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B2.8

UNIDADE 7: A POBOACIÓN

Contidos: B1.1, B2.1, B2.2, B2.3, B2.4

- A distribución da poboación mundial. A densidade de poboación.
- A dinámica da poboación: concepto, elementos, cálculo e interpretación de indicadores demográficos.
- A estrutura da poboación. Estrutura biolóxica da poboación. Elaboración e análise de pirámides de poboación.
- A evolución da poboación: países desenvolvidos e non desenvolvidos. O modelo e transición demográfica.
- Os movementos migratorios: conceptos, tipos, causas, consecuencias.
- A poboación europea, española e galega: características, distribución, dinámica...
- Localización dos Estados do mundo e das comunidades autónomas de España.

Criterios de avaliación: B1.1, B2.1, B2.2, B2.3, B2.4

UNIDADE 8: XEOGRAFÍA URBANA

Contidos: B1.1, B2.5, B2.6, B2.7.

- Espazo rural e espazo urbano. Concepto de cidade. Taxa de urbanización.
- As cidades: funcións, estrutura e morfoloxía. Análise e interpretación de planos urbanos.
- Tipoloxía e xerarquía mundial das cidades.
- As cidades europeas, españolas e galegas.

Contidos: B1.1, B2.5, B2.6, B2.7.

TEMPORALIZACIÓN

Decidiuse adicar a primeira parte do curso ao bloque de Historia, como continuidade do curso anterior, e deixar o bloque de Xeografía para a parte final, o que permitirán enlazar máis doadamente co curso seguinte, adicado maioritariamente á Xeografía. Por tanto, a secuenciación e temporalización dos contidos sería como sigue:

| AVALIACIÓNS | BLOQUES | UDs | Nº DE SESIÓNS |
|---------------|------------------------|-----|---------------|
| 1ª Avaliación | Bloque III: a Historia | 1 | 12 |

| | | | |
|---------------|----------------------------|---|----|
| | | 2 | 12 |
| | | 3 | 9 |
| 2ª Avaliación | Bloque III: a Historia | 4 | 12 |
| | | 5 | 9 |
| 3ª Avaliación | Bloque I: o medio físico | 6 | 3 |
| | | | 8 |
| | Bloque II: o espazo humano | 7 | 16 |
| | | 8 | 16 |

na terceira 8

CONTIDOS MÍNIMOS:

- Dominio dun vocabulario histórico, artístico e xeográfico básico e correcta expresión.
- Localización xeográfica e cronolóxica axeitada.
- Identificación e ubicación xeográfica dos principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron no mundo e na Península Ibérica na época medieval e analizar algunhas das súas características principais.
- Orixe, expansión e características políticas, económicas e relixiosas do islam, así como a expansión e etapas deste na época medieval.
- Aspectos socioeconómicos, políticos e ideolóxicos da época medieval, e a súa evolución ao longo do tempo.
- Identificación das etapas nas que se divide a Idade Media, coas súas características, cronoloxía e procesos principais.
- Busca, obtención e procesamento de información do contorno, de fontes escritas, iconográficas, gráficas e audiovisuais.
- Elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos medievais e interpretación de obras significativas considerando o seu contexto. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.
- Coñecer os elementos básicos da sociedade, a economía e o poder na Europa feudal.
- Coñecer os rasgos das vilas, da cidade e o intercambio comercial.
- Características e etapas principais do devir histórico da Europa, a España e a Galicia medievais.
- Rasgos do relevo e a hidrografía de España e de Galicia, situando os principais accidentes xeográficos e ríos deses territorios.
- Identificación das principais variedades climáticas e bioxeográficas do mundo e análise climogramas, mapas sinópticos e imaxes de paisaxes naturais.
- Identificación das principais variedades climáticas e bioxeográficas da Península Ibérica e análise climogramas, mapas sinópticos e imaxes de paisaxes naturais.
- Principais factores que condicionan a diversidade climática peninsular e galega e os elementos que caracterizan os climas peninsulares.
- Conceptos básicos de demografía, sabendo aplicalos á comprensión dos comportamentos demográficos actuais, análise e valoración das súas consecuencias no mundo, en España e en Galicia.
- Elaboración e interpretación de datos e gráficos de demografía
- Principais características da mobilidade da poboación no decurso da historia: modalidades, etapas, causas e consecuencias.
- Aspectos da organización urbana, o espazo urbano e evolución e analizar exemplos concretos. Análise e interpretación de planos urbanos.
- Interpretar e analizar gráficos, mapas e debuxos que teñan relación cos temas tratados.
- Localización xeográfica dos países do mundo.

RELACIÓN DOS CONTIDOS COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES

* Indícanse en negriña as aprendizaxes considerables imprescindibles en caso de terse que adoptar unha modalidade de docencia non presencial.

** De acordo co establecido na Disposición transitoria segunda bis da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, os estándares de aprendizaxe terán un carácter meramente orientativo, e non un elemento integrante e avaliable do currículo.

| Xeografía e Historia. 2º de ESO | | | | |
|---|--|--|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 1. O medio físico | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA |

| Xeografía e Historia. 2º de ESO | | | | |
|--|---|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h | Península Ibérica e de Galicia. | espazo xeográfico español e galego. | España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL |
| Bloque 2. O espazo humano | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CD |

| Xeografía e Historia. 2º de ESO | | | | |
|--|--|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Analiza as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. XHB2.6.1. Resume elementos <ul style="list-style-type: none"> ▪ que diferencien o urbano e o rural en Europa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC |

| Xeografía e Historia. 2º de ESO | | | | |
|--|--|--|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC |

| Xeografía e Historia. 2º de ESO | | | | |
|---|--|---|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m ▪ ñ | | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL |
| Bloque 3. A Historia | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Fontes históricas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMC ▪ CT |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMC ▪ CT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Tempo histórico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMC ▪ CT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ h ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA |

| Xeografía e Historia. 2º de ESO | | | | |
|---|---|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Feudalismo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ l ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CMCCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l ▪ n ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Reconquista e repoboación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ h ▪ n ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL |

6.3. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 3º ESO

No presente curso académico a programación desta materia será introducida na aplicación **PROENS**.

6.4. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 4º ESO

De acordo co *Decreto 86/2015, de 25 de xuño*, na materia de Xeografía e Historia de 4º de ESO corresponde traballar contidos de Historia Contemporánea universal e de España e Galicia. O período comprendido abrangue desde o século XVIII ata o mundo actual, polo que se trata de contidos fundamentais para a formación cultural e cívico-social do alumnado. Os contidos do Bloque 10 son comúns a todas as unidades didácticas, así que non se sinalan especificamente.

Os contidos organizaranse nas seguintes unidades didácticas:

UNIDADE 1: A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

Contidos: B1.1, B1.2, B1.3

- O século XVII: características xerais.
- O Antigo Réxime: absolutismo monárquico, economía agraria de subsistencia e sociedade estamental.
- O parlamentarismo inglés.
- A Ilustración: concepto, ideas e figuras principais. O despotismo ilustrado.
- A España e a Galicia do século XVIII: a Guerra de Sucesión e a chegada dos Borbóns.
- Cultura e ciencia nos séculos XVII e XVIII: revolución científica, arte barroca, arte neoclásica.

Criterios de avaliación: B1.1., B1.2, B1.3

UNIDADE 2: AS REVOLUCIÓNS DO SÉCULO XVIII

Contidos: B2.1, B2.2., B3.1, B3.2, B3.4

- A Revolución Industrial: concepto, orixe e causas. A revolución agrícola e a revolución demográfica.
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como noutras fontes de información. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB6.10.1. Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|--|---|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l | | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |
| Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.1.2. Diferencia as actividades do sector primario doutras actividades económicas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.2.2. Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat.. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Estrutura da propiedade e tenencia da terra. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.4.1. Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|--|--|---|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ p | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.6. Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.6.1. Achega datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado. ▪ XHB7.6.2. Comenta textos xornalísticos que expliquen a situación española na PAC. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega. ▪ XHB7.7.2. Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.8. Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española. ▪ XHB8.1.2. Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española ▪ XHB8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|---|---|--|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Localización das fontes de enerxía en España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CDC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Coñecer os factores da industria en España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 9. O sector servizos | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflictan un sistema de transporte determinado | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|---|---|--|--|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.5. Espazos turísticos: características e evolución. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB9.7.1. Confecciona esquemas para analizar a influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflectan o seu impacto nunha paisaxe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC |
| Bloque 10. O espazo urbano | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. Definir a cidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos.. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|--|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.5. Características da paisaxe urbana. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|--|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súascaracterísticas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| Bloque 11. Formas de organización territorial | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.1. Organización territorial de España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|--|--|---|--|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL |
| Bloque 12. España en Europa e no mundo | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CM ▪ CCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.1.2. Identifica aspectos salientables de España na situación mundial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xoeconómicas mundiais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |

| Xeografía. 2º de bacharelato. | | | | |
|--|--|--|---|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ p | | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD |

7. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os contidos propios das materias deste Departamento, aínda que sen dúbida moi importantes, non abundan para lograr unha educación que procure o **desenvolvemento integral** das persoas, para o

cal é imprescindible atender non só ás capacidades cognitivas, senón tamén ás afectivas, humanas e sociais. Por iso, prevese tamén traballar ao longo do curso, no marco de cada unha das materias pero buscando en todo momento un **carácter transversal** con todas as materias e todos os docentes, unha serie de valores e contidos de acordo á idade dos alumnos e as directrices marcadas no proxecto educativo do centro.

Do mesmo xeito, atendendo ao disposto no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño*, traballaranse contidos transversais relacionados coa **comprensión lectora** e a **expresión oral e escrita** a través da lectura, análise e comentario de textos e gráficas, e realización de textos escritos e exposicións orais. Procurarase igualmente o fomento da **igualdade de xénero**, valéndose do estudo da situación da muller en momentos pasados da Historia e na actualidade; a **educación pola paz** e o ensino de **valores cívicos e democráticos**, a través tanto de contidos relacionados coa materia como da creación dun clima asertivo na aula, o fomento do **espírito emprendedor** (procurando o desenvolvemento da capacidade crítica e tratando de esperar interese no alumnado pola súa propia aprendizaxe), sen esquecer outras cuestións de gran relevancia actual como poden ser a **educación medioambiental**, que tamén debe ser abordada á hora de estudar contidos principalmente de Xeografía.

Empregaranse ferramentas TIC na procura de mellorar a tarefa educativa e a motivación dos alumnos/as a través das seguintes actividades:

- Busca de información, tanto individualmente como en grupos, que irá dirixido á realización de traballos e actividades, ampliación de coñecementos... Xa que Internet é a maior fonte de información que a humanidade ten hoxe en día e pódese acceder dende calquera punto do mundo ao dato máis insignificante é importante, polo tanto, ensinar aos alumnos a buscar datos na rede, seleccionando e discriminando as distintas informacións que están a recibir, tratando de que os alumnos consigan ser críticos con toda a información recibida, de xeito que formen a súa propia opinión sobre cada un dos temas a tratar.

- Uso de programas, vídeos e xogos educativos. Hai unha grande cantidade de software educativo ao que se pode recorrer par o desenvolvemento das clase, software que, ademais, se adapta ás necesidades educativas de calquera alumno respectando a diversidade.

7.1. TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC

As TIC son particularmente valiosas para enriquecer ambientes de aprendizaxe nas Ciencias Sociais. Ademais, transformaron a forma en que estas se ensinan actualmente. Por estas razóns, hai unha serie de ferramentas tecnolóxicas que facilitan a aprendizaxe tanto nas disciplinas que como mencionamos anteriormente teñen maior peso nos currículos de educación secundaria e de bacharelato, como na realización de proxectos que integren varias destas disciplinas. Estas ferramentas inclúen por unha parte proxectos de clase, WebQuests e proxectos colaboradores e, pola outra, recursos dispoñibles en Internet como mapas dixitais, software, bases de datos e xogos de simulación, entre outros.

As TIC tamén facilitan a realización de indagacións en temas propios das Ciencias Sociais e crean un espazo para desenvolver nos estudantes habilidades de investigación (busca, acceso, selección e organización de información); habilidades de análise (interpretación e síntese de información); e habilidades comunicativas (exposición coherente e fundamentada de ideas, opinións, conviccións, sentimentos e experiencias). Por outra parte, o software de produtividade como o procesador de texto, a folla de cálculo e o presentador multimedia apoian a elaboración de ensaios, a realización

de proxectos e a produción de publicacións (boletíns, xornal escolar, etc).

As TIC realizan unha achega importante no proceso de ensino-aprendizaxe da Historia. Permiten aos estudantes acceder a fontes históricas (primarias e secundarias); comunicarse cos seus homólogos doutras escolas, no transcurso de investigacións ou no desenvolvemento de proxectos colaboradores, para verificar feitos ou contrastar puntos de vista; por último, entre outras aplicacións, clasificar e organizar información e comunicala de xeito efectivo. Doutro lado, software como o de construción de liñas de tempo e diagramas de causa efecto permite que os estudantes poñan en perspectiva o tempo histórico. Tempo que non se esgota na cronoloxía, senón que inclúe outros aspectos, como duración, ritmo, simultaneidade, continuidade e cambio. Algunhas investigacións sosteñen que os estudantes teñen dificultades, mesmo ata a puberdade, para: ordenar feitos históricos, comprender a duración dos grandes períodos históricos e utilizar a periodización (eras paleolítica, neolítica, etc). Por todo o anterior e dende idades temperás, recoméndase a utilización na aula destes instrumentos de representación do tempo.

Pola súa banda, a Xeografía é unha disciplina que ademais de servir para realizar localizacións e representacións físicas dos lugares, debe dar conta dos vínculos do home co seu medio para explicar as vantaxes ou inconvenientes dunha rexión a través da análise de elementos como clima, relevo, hidrografía, vexetación e recursos naturais desta. O seu obxecto constitúeo o espazo xeográfico, no cal interveñen unha variedade de elementos e fenómenos interdependentes con feitos humanos, pasados e presentes.

Nesta disciplina, as TIC ofrecen os medios que facilitan o desenvolvemento de habilidades para construír e utilizar mapas; para acceder, organizar, sintetizar e presentar información en diferentes formas; para lograr identificar e comprender patróns xeográficos, económicos e de relacións espaciais; e para comunicar e intercambiar información con estudantes doutras culturas ou lugares (próximos ou remotos). Por exemplo, a utilización de Internet facilita as “visitas virtuais” planeadas a destinos específicos co fin de cumprir con determinados obxectivos educativos. Intimamente relacionada con esta área encóntrase a utilización dos Sistemas de Información Xeográfica (GIS pola súa sigla en inglés), cada vez máis próximos á educación secundaria. Estes baséanse nun software composto por tres elementos: unha base de datos con información, un mapa e un mecanismo para interrelacionalos o que facilita o enlace de información xeográfica (onde están as cousas) con información descritiva (que son as cousas). A diferenza dun mapa tradicional (en papel), un GIS pode presentar sobre o mapa dunha determinada rexión e de xeito interactivo, varias capas que se sobrepoñen e que conteñen información temática; por exemplo, sobre recursos naturais, educación, transporte, agricultura, saúde, arqueoloxía, etc. Ademais, este tipo de software permite integrar Xeografía información propia doutras das disciplinas que conforman as Ciencias Sociais.

7.2. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA. PROXECTO LECTOR

As materias do Departamento de Xeografía e Historia precisan, para o seu desenvolvemento cotián, do uso e aproveitamento de variadas fontes escritas; ademais, propónse unha lista de lecturas variadas relacionadas coa materia de cada curso a partir da cal se poderán establecer lecturas de carácter voluntario ou obrigatorio como traballo complementario.

Dadas as características das materias impartidas polo Departamento e a metodoloxía empregada, que obriga á lectura continua de todo tipo de documentos, consideramos que a nosa contribución ó fomento da lectura é constante. Nos diferentes cursos e ao longo de cada unidade didáctica explicada realizaranse varias lecturas de textos por parte dos alumnos, o cal implica un tempo de lectura practicamente diario por parte do alumnado. Para todo iso, propoñemos a utilización de diferentes fontes escritas, tanto secundarias como primarias, xornais, textos literarios ou outros

textos de ficción que, xunto coa utilización dos recursos proporcionados polo libro de texto, consideramos que serán suficientes para alcanzar os obxectivos fixados polo Proxecto Lector do centro.

Os obxectivos a acadar serán:

- Conseguir a paulatina capacitación do alumnado na lectura e comprensión de todo tipo de textos, utilizando as distintas tecnoloxías da comunicación e da información e o seus distintos soportes.
- Implicar a todas as persoas do centro educativo para que compartan e transmitan unha actitude positiva diante do proceso de lectura, non só como medio para a aprendizaxe, senón tamén como recurso de pracer e como axuda ao desenvolvemento persoal.

As distintas áreas ou materias deberán adecuarse aos soportes que mellor lles conveñan para este proxecto, intentando que cada alumno/a teña que empregar os máis variados, que lle fagan entender que a lectura comprensiva é a ferramenta básica e fundamental de todos eles.

Os principais soportes a empregar son:

- Soporte impreso: libro, prensa en diferentes linguas (xornais, revistas especializadas...), cómic e publicidade.
- Soporte electrónico: Internet.

En canto á metodoloxía, esta será variada pois, ás veces, os diferentes soportes escritos ou a propia temática concreta determinan o diferente xeito de traballo. Por exemplo, o caso da prensa, permitiría seguir o desenvolvemento dunha guerra, pedindo ao alumno/a que cada certo tempo presentase un resumo cos aspectos máis relevantes da evolución da noticia.

A **avaliación** do fomento da lectura terase en conta no apartado correspondente ao traballo de clase, tendo en conta a capacidade de comprensión lectora do alumnado e de reflexión crítica sobre as lecturas.

8. METODOLOXÍA

8.1 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS E MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL

Á hora de optar por unha ou outra metodoloxía didáctica das varias que se poden aplicar na ensinanza-aprendizaxe da Xeografía e da Historia, optamos por aquela que combina a construción do coñecemento do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profesorado na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. É dicir, trátase dun modelo integrador en que se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

Asumimos os principios da aprendizaxe significativa, e por iso procuraremos partir dos coñecementos previos dos alumnos e ter en conta os seus esquemas mentais para que as actividades de ensino-aprendizaxe que propoñamos sexan adecuadas á súa estrutura mental. Tentaremos prestar unha especial atención a que o alumno lle atope sentido ao traballo que está a facer proporcionándolle sempre estímulos positivos, utilizando distintas estratexias de aprendizaxe que favorezan un ensino activo, non tanto no sentido de actividade manipulativa, senón especialmente de actividade mental.

A información ou exposición, sempre que sexa significativa, facilita ao alumnado a captación e comprensión das redes conceptuais básicas propias da Xeografía e da Historia. A significatividade vén dada por varios elementos que van desde a organización da información –de modo lóxico e de

doada captación e comprensión por parte do alumnado— ata a propia significatividade potencial do material seleccionado —que permita establecer nexos entre a nova información e a que cada alumno xa posúe— facilitando así a reconstrución persoal dos acontecementos históricos.

Procuraremos evitar situacións reiteradas de aprendizaxe memorístico-receptivo, buscando sempre que o alumno poida ir construíndo progresivamente os seus coñecementos a base de actividades que o poñan en disposición de acceder a novos coñecementos por descubrimento guiado ou autónomo e que, nun momento final, permita a memorización comprensiva.

En definitiva, a metodoloxía proposta non responde a un modelo puro, senón máis ben ecléctico, en que ten unha carga importante a aprendizaxe significativa de reconstrución do acontecer histórico por parte do alumnado, pero no que non se elimina nin a explicación escrita nin oral por parte do profesor, especialmente na introdución das unidades temáticas, na orientación permanente do traballo do alumnado e na elaboración de conclusións. Para poder levar a cabo o anteriormente exposto, será precisa unha actualización metodolóxica que favoreza a innovación na aula e o desenvolvemento de metodoloxías activas e participativas, para o que será preciso:

- Favorecer a transformación da información en coñecemento, a través da selección e interpretación de contidos procedentes de diversas fontes, propiciando a elaboración de explicacións históricas rigorosas e coherentes.
- Producir e interpretar informacións sobre aspectos cuantitativos e espaciais.
- Promover a participación do alumnado en debates sobre temas seleccionados en función da súa potencialidade crítica para a comprensión de problemas socialmente relevantes, utilizando as normas do intercambio comunicativo.
- Elaboración de traballos de investigación no contorno sobre algún momento destacado da historia contemporánea, establecendo conexións cos marcos galego, español e europeo.
- Utilizar técnicas básicas de indagación e explicación histórica, para entender a provisionalidade de todo coñecemento, e ensinar a pensar historicamente.
- Utilizar actividades de carácter interdisciplinario a través do traballo en grupo e da colaboración na resolución de problemas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos que reforzan a comunicación interpersonal e o traballo cooperativo, así como a relación con contornos físicos e sociais máis amplos, ademais de practicar o manexo crítico e selectivo da información que proporcionan.
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias de cada etapa. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

No caso de 2º de Bacharelato, aínda que se procurará asemellarse o máximo posible aos criterios metodolóxicos xa expostos para outros niveis, hai que ter en conta que as materias de 2º de Bacharelato atópanse coa problemática duns contidos moi amplos, o que coincide cunha importante redución do número de xornadas lectivas como consecuencia da necesidade de rematar as clases no mes de maio por mor das probas de acceso á Universidade. Por estas razóns, os docentes deberán intervir máis asiduamente na tarefa de dirixir e reconducir as actividades do alumnado. Isto non nos debe facer esquecer o obxectivo prioritario de conseguir unha clase activa e participativa afastada do exclusivo protagonismo do docente como mero subministrador dos contidos da materia.

Tendo en conta a situación actual derivada da pandemia da Covid-19, prestarase unha especial atención ao traballo coas tecnoloxías da información e da comunicación. Isto é especialmente relevante, posto que, dada a posibilidade de ter que adoptar durante o curso unha modalidade de

ensino non presencial, é fundamental que o alumnado estea afeito a traballar de xeito máis autónomo e empregando as TICs. A tal fin, durante as primeiras sesións do curso explicaráselles ao alumnado a maneira de traballar que se adoptará en caso de ensinanza non presencial e asegurárase de que todos saiban acceder ás ferramentas empregadas para tal fin. Do mesmo xeito, incluso no caso da ensinanza presencial, empregárase de xeito habitual a Aula Virtual do centro e promoverase a realización de actividades e traballos que requiran o emprego das TIC.

8.2. ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS NO CASO DE TER QUE ADOPTAR UNHA MODALIDADE DE ENSINO NON PRESENCIAL

No caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial, cada profesor botará man da **canle de comunicación e de traballo** co alumnado que previamente fora acordada con eles e que será fundamentalmente a **Aula Virtual** do centro, así como o correo electrónico. Ao comezo de curso, cada grupo contará cunha sección na Aula Virtual na que se subirán materiais de traballo e tarefas para ir acostumando o alumnado ao seu uso.

De terse que suspender a actividade lectiva presencial, haberanse de introducir igualmente varias modificacións referentes á metodoloxía. En primeiro lugar, dependendo do tempo estimado que se prevea que poida durar esa situación, poderanse introducir **modificacións na temporalización** da programación, buscando principalmente adicar o tempo de ensino a distancia para traballar aquelas aprendizaxes que revistan un carácter máis teórico e que, polo tanto, resulte máis doado ao alumnado de seguir. En segundo lugar, poderase aplicar unha redución dos contidos a traballar, que serán reducidos aos **mínimos e aprendizaxes imprescindibles** recollidos no apartado 6 desta programación. En terceiro lugar, a forma de traballar tamén deberá ser modificada; neste senso, levaranse a cabo clases telemáticas, preferente a través da plataforma habilitada pola Xunta (Cisco Webex), aínda que tamén se poderán outras plataformas similares. O profesorado tamén aportará ao alumnado recursos para explicar ou repasar os contidos que deban ser traballados.

En canto ás **actividades** que deberá realizar o alumnado, traballarase de maneira habitual co libro de texto ou apuntamentos e as actividades que veñen indicadas neles. Isto presenta varias vantaxes: primeiramente, por ser a maneira de traballo á que o alumnado está máis afeito, e en segundo lugar porque permite reducir o tempo que o alumnado deberá estar conectado, o cal debe ser tido en conta tanto por cuestións de saúde e de comodidade para el como para o caso das familias que dispoñan de menores medios informáticos e que, por conseguinte, deban compartilos entre varios membros. Por outra banda, tamén se optará pola realización de traballos de síntese ou investigación que permitan traballar as competencias clave, ademais dos contidos propios da materia.

No caso das **probos**, a primeira medida será tratar de retrasalas ata que se poida retomar novamente a actividade lectiva presencial. En caso de que isto non fose posible, ou non se puidese producir nun prazo de tempo razoable, supoñendo contratempos para a avaliación do alumnado, poderase optar por dúas posibilidades: a súa substitución por unha actividade de avaliación diferente (como a realización dun traballo, un boletín de exercicios...), ou a realización de probas telemáticas. Neste último caso, poderase optar igualmente por varios modelos: a realización dunha proba telemática empregando os recursos da Aula Virtual ou similares ou a través de videoconferencia, ou a realización de probas orais a través de videoconferencia. Para a realización das probas telemáticas, sexan escritas ou orais, e salvo indicación expresa por parte do profesor, o alumnado non poderá empregar ningún tipo de recurso (libro de texto, apuntamentos, caderno, internet...); en caso de que o profesor detecte o incumprimento desta medida, poderá calificar negativamente a proba, incluso cun 0, dependendo do gravidade da actuación do alumno neste sentido. Do mesmo xeito, durante a realización das probas poderase pedir ao alumnado evidencias de que está realizándoa limpamente, o cal podería supoñer, no caso das probas mediante videoconferencia, a activación da cámara e a

súa colocación nunha determinada posición para amosar o entorno e o campo de visión do alumnado e asegurarse de carece de medios de apoio ao seu alcance.

No caso de 2º de Bacharelato, debido á existencia das probas de acceso á Universidade, será necesario igualmente abordar de xeito suficiente tódolos contidos, polo que se procurará, na medida do posible, manter a temporalización establecida no apartado 6 desta programación incluso no caso dun ensino non presencial, sen perxuízo das alteracións puntuais que se poidan plantexar para favorecer a aprendizaxe do alumnado.

8.3. ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS NO CASO DE TER QUE ADOPTAR UNHA MODALIDADE DE ENSINO SEMI-PRESENCIAL OU DE CORENTENA DE PARTE DO ALUMNADO

No caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino semi-presencial, terase en conta as características de dita modalidade que decidan as autoridades educativas. A grandes rasgos, optarase por unha combinación do modelo presencial e non presencial arriba descrito, en función de cal dos dous sexa o predominante. No caso dun ensino semi-presencial máis equitativamente distribuído, como podería ser a alternancia de días ou semanas presenciais e a distancia, adoptaranse principalmente modificacións na temporalización da programación para adecuar o tipo de contidos á modalidade que resulte máis axeitada para abordalos. Así, optarase esencialmente por adicar os días de ensino presencial para traballar novos contidos, sobre todo no caso de aqueles de carácter máis práctico ou que poidan resultar máis complexos para o alumnado, e adicaranse maioritariamente os días de ensino non presencial para a realización de actividades (tanto de repaso como de ampliación ou traballos) e para abordar, de ser necesario, os contidos máis sinxelos e que o alumnado poida traballar facilmente por si mesmos.

No caso de 2º de Bacharelato, debido á existencia das probas de acceso á Universidade, será necesario igualmente abordar de xeito suficiente tódolos contidos, polo que se procurará, na medida do posible, manter a temporalización establecida no apartado 6 desta programación incluso no caso dun ensino non semi-presencial, sen perxuízo das alteracións puntuais que se poidan plantexar para favorecer a aprendizaxe do alumnado.

Por outra banda, tamén se deberá ter en conta o caso de que haxa alumnos que, como consecuencia de ter que estar en **corentena pola Covid-19**, non poidan acudir ás clases presencialmente. Nestas situacións, o profesor poderá, se así o desexa, retransmitir as clases ben en tempo real ou ben gravadas para o alumnado que se atope en situación de corentena. Sen perxuízo do anterior, a canle preferente de traballo e comunicación co alumnado será a Aula Virtual, subindo as tarefas e materias necesario para que este alumnado poida continuar co seu proceso de aprendizaxe desde a casa; as dúbidas solucionaranse ben mediante o servizo de mensaxería da Aula Virtual ou ben mediante correo electrónico ou calquera outra vía acordada que o profesor considere axeitada.

No caso de que algún alumno non puiden asistir ao instituto na data de **realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación** por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu médico ou servizo de saúde, optarase preferente por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación; de non ser posible ou de ser considerado polo profesor como máis recomendable en función da situación concreta, poderá ser substituída por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.).

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Durante o presente curso utilizaranse como base en cada curso os seguintes materiais curriculares:

- 1º de ESO: *Xeografía e Historia 1º ESO*. Editorial Obradoiro Santillana (2022).
- 2º de ESO: *Xeografía e Historia 2º ESO*. Editorial Obradoiro Santillana (2016). 978-84-9972-712-7.
- 3º de ESO: *Xeografía e Historia 3º ESO*. Editorial Obradoiro Santillana (2022).
- 4º de ESO: *Xeografía e Historia 4º ESO*. Editorial Obradoiro Santillana (2016). 978-84-9972-713-4
- 1º de Bacharelato (“Historia do Mundo Contemporáneo”) e 2º de Bacharelato (“Historia de España” e “Xeografía de España”) non se empregará libro de texto oficial e establecerase como referencia básica os apuntamentos e demais materiais proporcionados polo profesor.

Tamén se facilitará ao alumnado para o estudo das materias impartidas por este departamento as fotocopias que se consideren necesarias nos diferentes niveis académicos.

Ademais dos materiais curriculares citados, o Departamento dispón doutros recursos utilizados habitualmente na aula ou noutros espazos axeitados. A modo de inventario podemos citar:

- Atlas xeográficos e históricos: Practicamente tódolos alumnos dispoñen dun atlas xeográfico e é intención do seminario poder dotar a todas aulas de alomenos dun exemplar de atlas histórico e xeográfico, aínda que polo de agora, dadas as dispoñibilidades presupostarias, é tarefa imposible.
- Dicionarios xeográficos, históricos e términos artísticos.
- Enciclopedias e anuarios estatísticos.
- Exemplares da Constitución e Estatuto de Autonomía.
- Obras literarias: Especialmente unha selección de novelas históricas utilizadas como elemento motivador e potenciador da lectura.
- Bibliografía: Aínda moi escasa pero que se centra en obras asequibles ós alumnos e algunhas, moi poucas, específicas para o Profesorado.
- Mapas murais xeográficos e históricos.
- Mapas topográficos: Folla de Neda a escala 1:25.000.
- Diapositivas: Xeografía xeral, Historia Xeral da Arte e da Cultura e Historia da Arte Española.
- Vídeos didácticos: Historia do século XX (BBC), Atlas Culturais do Mundo (Edición del Prado), Colección de vídeos da ASPG.
- Obras cinematográficas: Vídeos con filmes ambientados en períodos históricos concretos que serven para traballar determinados aspectos do currículo.
- Transparencias: De temas moi variados (a meirande parte delas elaboradas polo propio profesorado).

Ademais dos recursos citados, contamos cunha Biblioteca no Centro que vai medrando pouco a pouco e permite ós alumnos consultar no propio local ou levar en préstamo bibliografía axeitada ás súas necesidades. Cando non se dispón dos fondos necesarios, a biblioteca municipal é relativamente ampla e está moi ben organizada; préstase sempre a colaborar co Centro adquirindo incluso aquelas obras que poida recomendar o Claustro do Centro. Contamos tamén no Centro con dúas aulas de informática, con ordenadores na biblioteca e nalgúas aulas que poden ser utilizados para obter información e para traballar exercicios interactivos co alumnado.

Empregaranse habitualmente recursos informáticos, tanto na aula (proxector e ordenador da aula, ordenadores do Proxecto Abalar, ordenadores da aula de informática) como desde a casa (principalmente a Aula Virtual como ferramenta principal para organizar o traballo telemático).

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

10.1. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 1º DE ESO

No presente curso esta materia introdúcese no **PROENS**.

10.2. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 2º DE ESO

Os criterios de cualificación final do alumno en cada avaliación serán os seguintes:

- 40% da nota: traballo cotián (exercicios e actividades de clase), caderno, lectura, traballos complementarios obrigatorios e voluntarios, actitude, participación, etc.
- 60%: as probas escritas ou exames; haberá polo menos dúas por cada avaliación. Para o cálculo da cualificación farase unha media aritmética de todas as probas realizadas na avaliación.

En caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial que imposibilite a realización de probas escritas na aula, estas serán substituídas por probas telemáticas (escritas, orais ou a través de plataformas informáticas) e/ou por traballos de síntese ou investigación, tal e como se especificou no apartado 8 desta programación; a porcentaxe destas probas telemáticas ou traballos será igualmente o 60% da cualificación final da avaliación.

No caso de que algún alumno non puiden asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu médico ou servizo de saúde, o profesor poderá optar por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación ou por substituíla por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.). O profesor contactará co alumno en cuestión á maior brevidade posible para comunicar ao alumno a forma de avaliación decidida.

A asistencia aos exames é obrigatoria, e a non asistencia inustificada aos mesmos computarase como un 0 a efectos de cálculo da media. Para xustificar a non asistencia a un exame será necesario presentar un certificado médico no que se indique expresamente que o alumno non está en condicións de presentarse ao exame; de xeito contrario, o profesor non terá ningunha obriga de repetirlle a proba ao alumno.

A recuperación farase unha vez rematada a avaliación e terá a mesma estrutura que os exames ordinarios. O alumnado só terá que examinarse da parte correspondente ao parcial ou parciais suspensos. Considerarase recuperada a avaliación se se obtén un 5 ou máis na proba. Para calcular a media da avaliación recuperada terase en conta tanto a nota do exame de recuperación como a do traballo de clase.

A nota da avaliación final ordinaria calcularase en función da media aritmética das tres avaliacións. Para poder facer media, as tres avaliacións do curso teñen que estar aprobadas (un 5 ou máis).

No caso de non ter superada algunha ou varias das avaliacións ao remate do curso, o alumnado deberá realizar unha proba escrita no mes de xuño sobre as partes da materia non superadas, co obxectivo de que poida recuperalas. Esta proba podería substituírse total ou parcialmente por actividades de recuperación. Considerarase superada a materia na avaliación final se na cualificación desta proba escrita e/ou das actividades de recuperación se obtén como mínimo un 5.

No caso de que un alumno sexa encontrado copiando nalgunha proba ou exame será eliminado automaticamente da mesma (a súa cualificación será de 0 puntos), de xeito que:

- a) Se copia nun exame suspenderá a avaliación e terá que facer a recuperación da dita avaliación.
- b) Se copiase nun exame de recuperación, suspenderá esa recuperación e terá polo tanto que presentarse a unha proba final en xuño.
- d) Se, por último, copiase nese exame de xuño tería a materia suspensa ata o vindeiro curso.

10.3. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 3º DE ESO

No presente curso esta materia introdúcese no **PROENS**.

10.4. XEOGRAFÍA E HISTORIA, 4º DE ESO

A cualificación do alumnado obterase mediante unha síntese das notas obtidas das probas escritas, das actividades realizadas na aula e do seu traballo e participación diaria. Estas parten da observación e análise de todos os instrumentos de avaliación, entendéndose como superada a materia sempre que se alcance un cinco.

A cualificación calcularase do seguinte xeito:

- 60% da nota: probas escritas das unidades didácticas. Haberá polo menos dúas probas por avaliación. Estas constarán de entre 5 e 8 preguntas. As probas serán multinivel e priorizaranse as preguntas de tipo competencial (elaboración de comentarios de fontes históricas ou de textos coherentes empregando conceptos chave, interpretación de imaxes ou gráficos, etc.). Para obter a cualificación farase unha media aritmética de todas as probas realizadas na avaliación.

- 40% da nota: traballos e proxectos avaliábeis realizados na aula. Combinaranse traballos individuais con traballos ou proxectos grupais. Tamén haberá a posibilidade de realizar tarefas extra (optativas) para subir nota (actividades sobre filmes ou cómics recomendados pola docente). Os traballos e proxectos entregados fóra de prazo non serán avaliados e tidos en conta na cualificación.

En caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial que imposibilite a realización de probas escritas na aula, estas serán substituídas por probas telemáticas (escritas, orais ou a través de plataformas informáticas) e/ou por traballos de síntese ou investigación, tal e como se especificou no apartado 8 desta programación.

No caso de que algún alumno non puiden asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu médico ou servizo de saúde, optarase preferente por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación; de non ser posible ou de ser considerado polo profesor como máis recomendable en función da situación concreta, poderá ser substituída por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.).

A asistencia aos exames é obrigatoria, e a non asistencia inustificada aos mesmos computarase como un 0 a efectos de cálculo da media. Para xustificar a non asistencia a un exame será necesario presentar un certificado médico (ou calquera outra xustificación de carácter oficial, non bastando unha mera xustificación da familia) no que se indique expresamente que o alumno non está en condicións de presentarse ao exame; de xeito contrario, o profesor non terá ningunha obriga de repetirlle a proba ao alumno.

Se algún alumno ou alumna é descuberta copiando, a cualificación da proba será un 0. Se o feito se produce nunha proba de recuperación, esta considerarase igualmente non superada cunha cualificación de 0.

O alumnado terá a posibilidade de recuperar as partes da materia non superadas en cada avaliación, con probas de recuperación que terán a mesma estrutura cos exames ordinarios. Considerarase recuperada a avaliación se nesta proba se obtén un 5 ou máis.

A cualificación da avaliación final calcularase en función da media aritmética das tres avaliacións. No caso de non alcanzar o cinco, o alumnado terá que realizar tarefas de recuperación das partes da

materia non superadas ao longo da terceira avaliación, para ser entregadas na data fixada pola profesora no mes de xuño. En caso de non ser entregadas no prazo fixado para a súa corrección, ou ben no caso de non superar con estas a materia, o/a alumno/a terá que realizar unha proba escrita final.

10.5. HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO, 1º DE BACHARELATO

No presente curso esta materia introdúcese no **PROENS**.

10.6. HISTORIA DE ESPAÑA, 2º DE BACHARELATO

O proceso de avaliación será continuo e integrador, constando de 3 avaliacións. Os alumnos deberán enfrontarse en cada avaliación, como mínimo, a dúas probas. A distribución prevista axustarase na medida do posible ao desenvolvemento dos contidos temporalizados por curso e establecidos con anterioridade e ás súas propias incidencias. Cada conxunto de probas do trimestre terá a súa correspondente recuperación ao remate de cada avaliación.

Os criterios de cualificación final do alumno en cada avaliación serán os seguintes:

- 10 % da nota: traballo cotián (exercicios e actividades de clase), caderno, traballos complementarios obrigatorios e voluntarios, actitude, participación, etc.
- 90%: as probas escritas ou exames; haberá polo menos dúas por cada avaliación. Para facer media aritmética das diferentes probas escritas ou exames dunha avaliación debe acadarse un mínimo dun 3 en cada unha delas e obter un mínimo de 4,5 PUNTOS na media das mesmas; en caso de non acadar estes mínimos, a avaliación estará suspensa, non podendo sumarse os outros elementos da nota e sendo necesario presentarse á recuperación da avaliación. Neste caso, a nota da avaliación calcularase en función da media das probas escritas. Nas probas escritas poderase descontar ata 1 punto por faltas de ortografía. Estas probas terán unha estrutura semellante á da ABAU (definicións, preguntas de desenvolver, composición de texto); nelas, ademais da materia correspondente a cada unha, preguntarase sobre o vocabulario e as preguntas de desenvolver vistas con anterioridade no curso. Esta estrutura cambia na primeira avaliación que soamente será de preguntas teóricas e de vocabulario.

En caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial que imposibilite a realización de probas escritas na aula, estas serán substituídas por probas telemáticas (escritas, orais ou a través de plataformas informáticas) e/ou por traballos de síntese ou investigación, tal e como se especificou no apartado 8 desta programación.

No caso de que algún alumno non puidera asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu médico ou servizo de saúde, o profesor poderá optar por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación ou por substituíla por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.). O profesor contactará co alumno en cuestión á maior brevidade posible para comunicar ao alumno a forma de avaliación decidida.

A asistencia aos exames é obrigatoria, e a non asistencia inxustificada aos mesmos computarase como un 0 a efectos de cálculo da media. Para xustificar a inasistencia a un exame será necesario presentar un certificado médico no que se indique expresamente que o alumno non está en condicións de presentarse ao exame; de xeito contrario, o profesor non terá ningunha obriga de repetirlle a proba ao alumno.

A recuperación farase unha vez rematada a avaliación e terá a mesma estrutura que os exames ordinarios. O alumnado só terá que examinarse da parte correspondente ao parcial ou parciais suspensos. Considerarase recuperada a avaliación se se obtén un 5 ou máis na proba.

A nota da avaliación final ordinaria calcularase do seguinte modo: A primeira avaliación computará un 20% e a segunda e terceira avaliación un 40% na nota final. Para poder facerse teñen que estar aprobadas (un 5 ou máis); a final de curso realizarase una recuperación final na que os alumnos poderán recuperar as avaliacións que teñan suspensas; nesta proba examínase de toda a materia da avaliación suspensa, sen ter en conta a división en parciais feita durante o curso. Pódese contemplar a posibilidade de que os alumnos que así o desexen se presenten a esta recuperación para mellorar a súa calificación. De non acadarse unha calificación aprobada (5 ou máis) na avaliación final ordinaria, o alumnado terá que presentarse ao exame extraordinario de xuño, no que se avaliará de toda a materia impartida no curso e que terá a mesma estrutura que as probas desenvolvidas durante a segunda e terceira avaliación.

No caso de que un alumno sexa encontrado copiando nalgunha proba ou exame será eliminado automaticamente da mesma (a súa calificación será de 0 puntos), de xeito que:

- a) Se copia nun exame suspenderá a avaliación e terá que facer a recuperación da dita avaliación.
- b) Se copiase nun exame de recuperación, suspenderá esa recuperación e terá polo tanto que presentarse a unha proba final en xuño.
- c) Se copia no exame de xuño será enviado directamente á convocatoria de setembro.
- d) Se, por último, copiase nese exame de setembro tería a materia suspensa ata o vindeiro curso.

10.7. XEOGRAFÍA, 2º DE BACHARELATO

Os criterios de calificación fan referencia á cumprimentación dos estándares de aprendizaxe plantexados ao longo do período a avaliar e recollidos tanto nos exames escritos como no traballo na aula.

Dende esta perspectiva a cualificación do alumnado seguirá os seguintes criterios:

- Traballo na clase: 10% da nota. Valorarase a orde e limpeza no traballo e na presentación de resultados. Adecuación das respostas aos estándares de aprendizaxe requirido.
- Probas escritas: 90% da nota. Haberá polo menos dúas por cada avaliación. Recollerán unha síntese significativa dos estándares de aprendizaxe traballados ao longo do curso a través de varias preguntas.

Buscarase que o alumno comprenda en un principio os elementos básicos do estándar de aprendizaxe plantexado representando o 50% da valoración final. Sobre esa base o 50% restante estará adicado a valorar a profundidade dos coñecementos sobre estes mesmos estándares e a súa capacidade de relacionalos con outros.

O mínimo establecido para superar o estándar de aprendizaxe é coñecer os elementos básicos do mesmo, que dende a perspectiva numérica correspondería ao 50% do total.

A organización interna da proba plantexaremos un número variable de estándares cun peso específico dentro da cualificación final do exame tamén variable, que en todo caso será coñecido polo alumno durante a realización da mesma.

As probas escritas serán avaliadas de 0-10 servindo este resultado coma referencia para a obtención de medias. O final de cada avaliación haberá unha proba de recuperación para aqueles alumnos que non a superaran.

En caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial que imposibilite a realización de probas escritas na aula, estas serán substituídas por probas telemáticas (escritas, orais ou a través de plataformas informáticas) e/ou por traballos de síntese ou investigación, tal e como se especificou no apartado 8 desta programación.

No caso de que algún alumno non puidera asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu médico ou servizo de saúde, o profesor poderá optar por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación ou por substituíla por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.). O profesor contactará co alumno en cuestión á maior brevidade posible para comunicar ao alumno a forma de avaliación decidida.

No caso de que un alumno sexa encontrado copiando nalgunha proba ou exame será eliminado automaticamente da mesma, tendo que recuperala na avaliación seguinte de xeito que:

- a) Se copia nun exame suspenderá a avaliación e terá que facer a recuperación da dita avaliación.
- b) Se copiase nun exame de recuperación, suspenderá esa recuperación e terá polo tanto que presentarse a unha proba final en maio.
- c) Se copia no exame de xuño será enviado directamente á convocatoria de xuño.
- d) Se, por último, copiase nese exame de xuño tería a materia suspensa ata o vindeiro curso.

A nota da **AVALIACIÓN FINAL** sairá da media das tres avaliacións e cada avaliación terá que ter unha cualificación de nota positiva, é dicir; aprobada. Logo terase en conta a nivel de redondeo da nota a progresión do alumno ao longo do curso. En maio haberá unha proba final para aqueles alumnos que non acadasen o aprobado e que será similar as feitas durante o curso.

Aqueles alumnos que ao chegar o mes de maio non acadasen os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar na convocatoria de xuño unha **Proba extraordinaria**. Esta proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso. O aprobado nesta proba significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia mínima nas respostas.

10.8. HISTORIA DA ARTE, 2º DE BACHARELATO

Fan referencia á cumprimentación dos estándares de aprendizaxe plantexados ao longo do período a avaliar e recollidos tanto nos exames escritos como no traballo na aula

Dende esta perspectiva a cualificación do alumnado seguirá os seguintes criterios:

- Traballo na clase: 10% da nota. Valorarase a atención; orde e limpeza no traballo e na presentación de resultados. Adecuación das respostas aos estándares de aprendizaxe requirido.
- Probas escritas: 90% da nota. Haberá polo menos dúas por cada avaliación. Recollerán unha síntese significativa dos estándares de aprendizaxe traballados ao longo do curso a través de varias preguntas.

Buscarase que o alumno comprenda en un principio os elementos básicos do estándar de aprendizaxe plantexado representando o 50% da valoración final. Sobre esa base o 50% restante estará adicado a valorar a profundidade dos coñecementos sobre estes mesmos estándares e a súa capacidade de relacionalos con outros.

O mínimo establecido para superar o estándar de aprendizaxe é coñecer os elementos básicos do mesmo, que dende a perspectiva numérica correspondería ao 50% do total.

Para poder aprobar o exame é obrigatorio que no apartado Análise e comentario da lámina. se acade un 50% do valor da pregunta

A organización interna da proba plantexaremos un número variable de estándares cun peso específico dentro da cualificación final do exame tamén variable, que en todo caso será coñecido polo alumno durante a realización da mesma.

As probas escritas serán avaliadas de 0-10 servindo este resultado coma referencia para a obtención de medias. O final de cada avaliación haberá unha proba de recuperación para aqueles alumnos que non a superaran.

En caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial que imposibilite a realización de probas escritas na aula, estas serán substituídas por probas telemáticas (escritas, orais ou a través de plataformas informáticas) e/ou por traballos de síntese ou investigación, tal e como se especificou no apartado 8 desta programación.

No caso de que algún alumno non puidera asistir ao instituto na data de realización dun exame ou calquera outra actividade de avaliación por atoparse en situación de corenta ou illamento decretado polo seu médico ou servizo de saúde, o profesor poderá optar por adiar dita proba de avaliación ata a súa reincorporación ou por substituíla por outra ferramenta de avaliación que se poida desenvolver de xeito telemático (proba escrita, traballo, proba oral co profesor a través de medios telemáticos, etc.). O profesor contactará co alumno en cuestión á maior brevidade posible para comunicar ao alumno a forma de avaliación decidida.

No caso de que un alumno sexa encontrado copiando nalgunha proba ou exame será eliminado automaticamente da mesma, tendo que recuperala na avaliación seguinte de xeito que:

- a) Se copia nun exame suspenderá a avaliación e terá que facer a recuperación da dita avaliación.
- b) Se copiase nun exame de recuperación, suspenderá esa recuperación e terá polo tanto que presentarse a unha proba final en xuño.
- c) Se copia no exame de xuño será enviado directamente á convocatoria de setembro.
- d) Se, por último, copiase nese exame de setembro tería a materia suspensa ata o vindeiro curso.

A nota da **AVALIACIÓN FINAL** sairá da media das tres avaliacións e cada avaliación terá que ter unha cualificación de nota positiva, é dicir; aprobada. Logo terase en conta a nivel de redondeo da nota a progresión do alumno ao longo do curso. En xuño haberá unha proba final para aqueles alumnos que non acadasen o aprobado e que será similar as feitas durante o curso.

Aqueles alumnos que ao chegar o mes de xuño non acadasen os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar na convocatoria de setembro unha **Proba extraordinaria**. Esta proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso. O aprobado nesta proba significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia mínima nas respostas.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A Avaliación da práctica docente realizaranse ao longo do curso (trimestralmente) e ao final do mesmo. En relación ao análise dos resultados obtidos realizaranse as adaptacións correspondentes no caso de que foran necesarias. Para complementar esta avaliación establécense os seguintes indicadores básicos:

11.1. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|--|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

11.2. INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... | | | | |

12. MEDIDAS DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

12.1. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A organización do programa de reforzo de alumnos pendentes corresponde ao Departamento Didáctico (Xefe de Departamento), e o desenvolvemento do programa de reforzo corresponde ao respectivo profesor de área. Así mesmo, farase un seguimento da marcha do alumno no curso actualmente matriculado, sendo considerada como actitude positiva para a recuperación dos contidos pendentes a boa marcha no curso actual. O conxunto destas actividades serán realizadas baixo a supervisión do Xefe de Departamento.

Para a superación das materias pendentes, este Departamento optou pola combinación de realización de dúas probas escritas ou exames e a elaboración de dous boletíns de exercicios para acadar os contidos mínimos esixidos na materia que lles tiña sido avaliada negativamente no curso anterior. A materia distribuirase en dúas avaliacións, a primeira das cales se realizará no mes de novembro e a segunda no mes de febreiro. O alumnado que non supere algunha ou ningunha delas deberá presentarse á proba de recuperación no mes de abril ou maio. A nota das materias que constará na avaliación ordinaria será a media aritmética das dúas partes, ou, no seu defecto, da da recuperación final.

O Xefe de Departamento fará o seguimento do alumnado con materias pendentes de anteriores cursos. O seguimento terá unha dobre vía:

- O docente que imparta materia no curso no que se atope o alumno coa materia suspensa do ano académico anterior (profesor de área), valorará o traballo, as actitudes, o interese e o esforzo que amose no novo curso. Do resultado, positivo ou negativo, informará ao Xefe de Departamento para ser tido en conta á hora da cualificación.
- Aos alumnos con materias pendentes asignaráselles por cada avaliación cadernos de traballo que deberán elaborar e resolver para ser entregados ao profesor de área respectivo nas datas fixadas. Ademais, os profesores de área respectivos realizaranlles unha proba parcial de avaliación no primeiro trimestre e outra no segundo, así como unha global no terceiro trimestre no que poderán recuperar a materia non superada nas probas parciais. Nesta proba final só deberán examinarse da parte non superada nos parciais. O alumnado que non supere a materia pendente en xuño deberá presentarse a unha proba extraordinaria en setembro, na que se avaliará toda a materia. As datas das probas será fixadas pola Xefatura de Estudos.

Os criterios de cualificación quedan establecidos do seguinte xeito: a nota dos boletíns de exercicios será valorada ata 3 PUNTOS (30 %), e a nota da proba escrita será valorada ata 7 PUNTOS (70 %). Da suma de ambas cualificacións sairá a nota final da avaliación, que será positiva se é igual ou superior a 5 PUNTOS. Do resultado destas cualificacións e outras observacións, os profesores de

área respectivos informarán ao Xefe de Departamento, que á súa vez informará disto nas sesións de avaliacións, finais e extraordinaria.

En calquera caso, valorarase o interese e o traballo realizado polos alumnos ao longo de todo o curso.

En caso de terse que adoptar unha modalidade de ensino non presencial que imposibilite a realización de probas escritas na aula, estas serán substituídas por probas telemáticas (escritas, orais ou a través de plataformas informáticas) e/ou por traballos de síntese ou investigación, tal e como se especificou no apartado 8 desta programación; a porcentaxe destas probas telemáticas ou traballos será igualmente o 70% da cualificación, manténdose o 30% para o caderniño de exercicios.

13. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO

Segundo o artigo 21 da *Resolución do 15 de xullo de 2016* (DOG do 1 de agosto), o alumnado poderá cursar en 2º materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro. Esta acreditación poderase realizar:

- Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.
- O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba. A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

No caso do Departamento de Xeografía e Historia, entendemos que tal circunstancia só podería darse se un alumno de 1º de Bacharelato (que non cursou a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais) decide escoller en 2º de Bacharelato o itinerario de Humanidades e Ciencias Sociais e unha ou dúas materias do bloque de asignaturas troncais, isto é, Xeografía e Historia da Arte.

Como pretendemos que a avaliación sexa continua, formativa e integrada no proceso ensino-aprendizaxe, nos primeiros días de clase realizarase unha proba de nivel ou avaliación inicial destinada a valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e o seu nivel de competencia. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía, Historia e Historia da Arte, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.

Nas devanditas probas escritas o nivel académico esixido corresponderá cos contidos mínimos esixibles desta materia optativa a cursar.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais, na materia que corresponde ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno/a.

E unha vez adoptada a decisión de que o alumno inscrito curse as correspondentes optativas (Xeografía e/ou Historia da Arte) aplicaráselle os mesmos criterios obxectivos de avaliación que ao resto do alumnos matriculados.

14. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o disposto na *Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*, e de acordo co previsto no artigo 16.2 do *Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da ESO con necesidades específicas de apoio educativo e para evitar o abandono escolar*, e por outra parte, atender a aquel alumnado que, pola súa conduta disruptiva reiterada, impide o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo, o Departamento de Xeografía e Historia seguirá os procedementos de actuación que estableza a dirección do Centro para mellorar no posible o proceso de ensinanza-aprendizaxe, os resultados académicos e o clima de traballo. Entendemos por reforzo aquelas actividades ou medidas de tipo metodolóxico ou didáctico destinadas nuns casos a reconducir a aprendizaxe dos alumnos e noutros a acadar ou afianzar obxectivos non conseguidos plenamente.

Diferenciamos medidas ordinarias organizativas como adecuar para algún alumno tempos ou recursos didácticos diferenciados ou o propio apoio de profesorado na aula, das medidas ordinarias curriculares, como a adaptación metodolóxica ou de instrumentos de avaliación para algún alumno. Por outra banda, están as medidas extraordinarias organizativas, como recibir apoio de profesorado especialista PT, e as medidas extraordinarias curriculares, como a elaboración de ACS (Adaptacións Curriculares Significativas) na materia. Para a aplicación destas medidas terase en conta a opinión do Departamento de Orientación.

Durante o presente curso académico, é especialmente relevante prestar atención ás situacións individuais que se poidan producir como consecuencia das medidas a adoptar ante a pandemia da Covid-19. Neste senso, é especialmente importante ter en conta a diversidade de medios tecnolóxicos cos que pode contar o alumnado e que serán de uso imprescindible no caso de terse que adoptar un modelo de ensino non presencial. Cada profesor terá en conta a situación individual de cada alumno a este respecto, e procurará ser comprensivo con aqueles alumnos que carezan de medios suficientes, alo menos ata que o Centro ou as administracións educativas lles proporcionen os medios suficientes. Tamén será necesario ter en conta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e que, polas súas características, poden ter dificultades engadidas en caso de terse que suspender ou reducir a actividade lectiva presencial; polo tanto, os profesores terán en conta as medidas ou indicacións que se transmitan desde o Departamento de Orientación, a Dirección do Centro ou do titor.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o presente curso académico 2022-2023, dada a mellora na situación sanitaria derivada da pandemia da Covid-19, e sempre de acordo co establecido polas directrices das autoridades sanitarias e educativas e pola dirección do centro, procuraranse realizar actividades complementarias ou extraescolares. Para o caso de 1º de ESO búscase a visita a algún castro ou

centro de interpretación arqueolóxica, ademais estase a estudar a posibilidade de realizar algunha outra visita cos outros cursos.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O proceso de ensinanza, a labor docente e a presente programación deberán ser avaliadas para detectar posibles aspectos de mellora e as modificacións necesarias. Os aspectos que se terán en conta durante este proceso serán fundamentalmente:

- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado.
- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
- Grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. Considérase idóneo que se acade un 80% de impartición da materia no Bacharelato. O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se dá conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.
- Metodoloxía utilizada.
- Adecuación dos recursos didácticos empregados.
- Valoración da materia traballada en relación coa temporalización fixada ao comezo do curso.
- Valoración dos resultados da avaliación.

Pretendemos facer un seguimento deste proxecto didáctico cunha avaliación periódica (en principio mensual) para poder solucionar os problemas que atopemos na súa aplicación tan pronto como sexa posible sen esperar a rematalo curso. Desta avaliación do proxecto poderanse deducir modificacións que afecten ó futuro do seu desenvolvemento se con iso cremos que podemos mellorar a práctica docente.

A continuación indícaranse os ítems nos que se baseará a autoavaliación do grao de consecución da Programación Didáctica do presente curso académico:

| ÍTEMS FUNDAMENTAIS | GRAO DE CONSECUCIÓN | | |
|--|---------------------|------------|-----|
| | Si | Mellorable | Non |
| 1. Acadáronse os obxectivos didácticos previstos na Programación? | | | |
| 2. Aplicáronse correctamente as metodoloxías en cada un dos cursos e niveis? | | | |
| 3. Aplicáronse correctamente os criterios de avaliación previstos? | | | |
| 4. Aplicáronse correctamente os criterios de cualificación previstos? | | | |
| 5. Acadáronse os resultados académicos previstos por parte do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe? | | | |
| 6. Aplicouse correctamente, en cada un dos cursos, os apartados previstos na Programación Didáctica? | | | |
| En caso negativo de calquera dos ítems fundamentais, especificar en que se errou para futuras correccións. | | | |

17. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN

A fin de que o alumnado e o resto da comunidade educativa coñeza en todo momento os criterios de avaliación, contidos a traballar e demais aspectos relacionados co seu proceso de ensino-aprendizaxe, a presente programación estará dispoñible para toda a comunidade educativa na web do centro, na sección do Departamento de Xeografía e Historia. Igualmente, durante os primeiros días de clase, informarase ao alumnado dos aspectos máis salientables da mesma, sinaladamente os criterios de cualificación. Tamén se informará ao alumnado con materias pendentes do proceso de recuperación das mesmas e das datas das probas. O docente entregará o correspondente boletín de exercicios a aqueles alumnos/as con materia pendente; este irá acompañado dunha folla que será asinada polo pai ou nai, na que se lles informará de dita entrega, así como da data máxima de devolución do boletín xa cumprimentado.